



**Corrección de erros - RESOLUCIÓN DO 3 DE XUÑO DE 2024, DA XERENCIA DE A ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE CONVOCA A PROVISIÓN, POLO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN COLEXIADA, DUN POSTO DE XEFE DE SECCIÓN DE PEDIATRÍA – ÁREA DE CARDIOLOXÍA INFANTIL**

Advertido un erro na resolución de data 3 de xuño de 2024, da Xerencia da Área Sanitaria de A Coruña e Cee, pola que se convoca a provisión, polo procedemento de avaliación colexiada, dun posto de Xefe/a de Sección de Pediatría - Área de Cardiología Infantil, esta Xerencia procede a súa rectificación nos seguintes termos:

No Anexo I (bases reguladoras da convocatoria), base Primeira, punto b), onde di:

b) Estar en posesión do título universitario oficial de grao ou licenciado/a en Medicina e do título de especialista expedido polo Ministerio de Educación e Ciencia na especialidade de Análises Clínicas, ou ben, de ser o caso, a certificación prevista no artigo 3 do Real Decreto 853/1993, do 4 de xuño, sobre exercicio das funcións de médico xeral no Sistema Nacional de Saúde.

Debe dicir:

b) Estar en posesión do título universitario oficial de grao ou licenciado/a en Medicina e do título de especialista en Pediatría e as súas áreas específicas.

Amplíase o prazo de presentación de solicitudes de participación nun mes, a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente corrección de erros na páxina web do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Espazo do Profesional.

Asinado dixitalmente na Coruña,  
Luis Verde Remeseiro  
Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

**DILIXENCIA:**

Para facer constar que na data da súa sinatura dixital procédese á publicación da presente corrección de erros.

Asinado dixitalmente na Coruña,  
Javier Fernández Nistal  
Director de Recursos Humanos

